

ASUNTO.- INFORME DO SERVIZO DE COOPERACIÓN SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA FACER FRONTE A DIVERSAS NECESIDADES DE GASTO.

ANTECEDENTES:

ASUNTO: PROPOSTA DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO ENTRE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE COOPERACIÓN PARA CUBRIR NOVAS NECESIDADES.

Primeiro.- No eido do fomento do emprendemento a Deputación está a poñer en marcha un paquete de medidas para axudar á dinamización do emprendemento e o funcionamento dos Viveiros de empresas de Barro e Lalín. Entre estas iniciativas preténdese activar programas de apoio á posta en marcha/crecemento empresarial, programas de aceleración dixital, desenvolver solucións innovadoras a retos e realizar un Encontro anual de emprendemento.

Segundo.- Co fin de potenciar a participación, propónse a creación duns premios para incrementar o interese e servir de incentivo ao público obxectivo destes programas, mellorando a captación nas actividades organizadas. Isto contribuirá, ademais, a un maior coñecemento da rede SmartPeme e ás restantes medidas de fomento do emprendemento que se están a realizar.

Terceiro.- Esta nova necesidade detectouse a raíz de analizar as dificultades e o sobreesforzo de captación nas actividades realizadas, das que se deduce a necesidade de establecer incentivos complementarios, comprobándose ademais que se trata de medidas levadas a cabo a miúdo por outros axentes e entidades públicas con bos resultados.

Cuarto.- Para o financiamento desta nova actividade, estímase adecuada unha dotación económica de 10.000,00 € por parte da Deputación, sen prexuízo de complementar esta cantidade con outros ingresos que se poidan acadar a través da sinatura de convenios con outras entidades. Non obstante, nestes momentos non existe dotación económica nin aplicación orzamentaria específicas para esta actividade.

Quinto.- A aplicación orzamentaria idónea para imputar este gasto é a 22/942.4330.481.02 PREMIOS EMPRENDEMENTO, polo que é necesario tramitar un expediente de modificación de crédito polo importe sinalado para dotala do crédito necesario.

Cuarto.- Por outro lado, para financiar este crédito extraordinario, estímase adecuado minorar a aplicación 22/942.4330.226.06 REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS (CONVENIO MILLENIALS + GASTOS AEDL LALÍN), na que se consignou crédito para realizar gastos relacionados con promoción e dinamización dos Viveiros de empresas da Deputación. Non obstante, o medio para promocionar e dinamizar os Viveiros vai a ser a creación dos premios antes citados, polo que se pode minorar o crédito desta aplicación para o fin descrito.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento



provincial para o ano 2022, infórmase favorablemente esta proposta de crédito extraordinario e solicítolle que se fagan os trámites oportunos para a súa aprobación, do seguinte xeito:

Aplicacións nas que se xenera o crédito extraordinario

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/942.4330.481.02	PREMIOS EMPRENDEMENTO	10.000 €
Total.....		+ 10.000,00 €

Aplicacións que minoran o crédito (financian o crédito extraordinario)

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/942.4330.226.06	REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS (CONVENIO MILLENIALS + GASTOS AEDL LALÍN)	10.000 €
Total.....		- 10.000,00 €

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica

A XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN,
(documento asinado electrónicamente)
 Asdo.: Marina Piñeiro Novo

Vº e Prace
 A DEPUTADA DELEGADA,
(documento asinado electrónicamente)
 Asdo.: Ana Mª Mejías Sacaluga



ASUNTO	ORZAMENTO 2022: SUPLEMENTACIÓN DE CRÉDITO
TRÁMITE	INFORME – PROPOSTA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

A xefatura de xestión do Centro Príncipe Felipe coa conformidade do director xerente e a deputada delegada do centro, elabora o seguinte

INFORME – PROPOSTA

xustificativo dos gastos a efectuar que a continuación se relacionan e que comparten a característica común de que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non resulta suficiente o crédito existente nas correspondentes aplicacións orzamentarias:

REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO ADXUDICADO A SACYR FACILITIES SA

A empresa SACYR Facilities SA, en calidade de adxudicataria do contrato para a realización dunha actuación global e integrada que supoña a mellora da eficiencia enerxética e prestación de servizos enerxéticos da Cidade Infantil Príncipe Felipe, expediente núm. 2015035902, solicita o 4 de febreiro de 2022 que se leve a cabo a revisión de prezos das prestacións P1, P2 e P3.

Dende o CPF corrobórase conforme a documentación contractual, que a empresa está facultada a solicitar unha revisión de prezos anual, verificando así mesmo a fórmula e o proceso empregado, aceptando os prezos propostos, acadando un incremento do gasto de 304.782,78 € conforme a seguinte imputación orzamentaria do gasto:

Aplicación orzamentaria	Importe
232.2312.221.00_Enerxía eléctrica	118.014,25 €
232.2312.221.03_Combustibles e carburantes	185.004,69 €
232.2312.213.00_Reparac. Maquinarias, instalacións	1,763,84 €

SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DO BOMBEO DE SAN MAURO

Dende o ano 1976, o hospital Montecelo e o Centro Príncipe Felipe abastécense de auga potable a través de dous depósitos situados no aparcamento do hospital Montecelo que, a súa vez, son abastecidos dende un depósito compartido situado en San Mauro, nun terreo municipal, dende o que se bombea a auga a ditos complexos.

A comercializadora do subministro eléctrico leva sen facturar dende o 15 de outubro de 2020, dado que dende esa data non ten realizadas as correspondentes lecturas e emitido as conseguíntes facturas, visto o risco para a seguridade que hai actualmente na instalación.



No presente exercicio está previsto que se leven a cabo a execución dos traballos para a posta a punto do equipamento, motivo polo cal se estima que a comercializadora proceda a facturar os atrasos pendentes, estimándose un gasto de 80.000 € a razón de 3.076,92 €/mes

Aplicación orzamentaria	Importe
232.2312.221.00_Enerxía eléctrica	80.000,00 €

ACTUALIZACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE OBRAS

Actualmente o Centro Príncipe Felipe conta cos seguintes proxectos de obra xa elaborados:

1. Substitución do material de cubrición do CEIP Daría González García
2. Substitución de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras en edificios do CPF
3. Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe

En consideración, da evolución do mercado en canto os prezos das distintas subministracións que afectan a ditos expediente, tívose que levar a cabo a actualización dos referidos proxectos, supoñendo dita circunstancia un incremento do prezo base de licitación conforme a información que se recolle na seguinte táboa.

Aplicación orzamentaria	Obxecto	Importe
232.2312.632.03 edificios, outras construcións, melloras	Actualización do proxecto "Substitución do material de cubrición do CEIP Daría González García"	50.645,31 €
	Actualización do proxecto "Substitución de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras en edificios do CPF"	20.567,23€
	Actualización do proxecto de "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe	53.859,44 €

ACTUACIÓNS NO MARCO DO PROGRAMA DE IMPULSO PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS (PIREP), NO CEIP DARÍA GARCÍA GONZÁLEZ

A Deputación de Pontevedra no marco do "Programa de impulso para a rehabilitación de edificios públicos"_Fondos Next Generation, ten previsto a realización dunha serie de actuacións no CEIP Daría García González.

As actuacións as que se fai referencia no parágrafo anterior son a reforma de varios baños, un deles adaptado, así como a reforma dunha sala lúdica con xogos infantís adaptados a persoas con diversidade funcional. Todas estas actuacións prevense como subvencionables nas bases da convocatoria. Na táboa que se achega, incorpórase a información correspondente a estimación de gasto.



Aplicación orzamentaria	Actuación	Importe
232.2312.632.03_edificios, outras construcións e melloras	Reforma de diversos baños	39.737,32 €
	Reforma dunha sala lúdica con xogos infantís adaptados a persoas con diversidade funcional	34.000,00 €

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, artigo 177
- Base 8ª de execución do vixente orzamento provincial

En base o exposto a Dirección do Centro Príncipe Felipe **PROPÓN** a suplementación das seguintes aplicación orzamentarias con cargo a remanentes para poder facer fronte aos gastos descritos.

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/232.2312.221.00	Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR Facilities SA	118.014,25 €
	Centro de transformación de San Mauro	80.000,00 €
	TOTAL	198.014,25 €

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/232.2312.221.03	Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR Facilities SA	185.004,69 €
	TOTAL	185.004,69 €

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/232.2312.213.00	Revisión de prezos do contrato adxudicado a SACYR Facilities SA	1.763,84 €
	TOTAL	1.763,84 €

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/232.2312.632.03	Actualización do proxecto das obras de substitución do material de cubrición do CEIP Daría García González(Expte. 2020048727).	50.645,31 €



	Actualización do proxecto "Substitución de celosías y carpinterías de aluminio dos núcleos de escaleiras en edificios do CPF"	20.567,23€
	Actualización do proxecto de "Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe	53.859,44 €
	Reforma de diversos baños no CEIP Daría García González	39.737,32 €
	Reforma dunha sala lúdica con xogos infantís adaptados a persoas con diversidade funcional	34.000,00 €
	TOTAL	198.809,30 €

Documento asinado dixitalmente ao marxe,

INTERVENCIÓN.-



MCC

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO "DA TÚA MAN" PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES DE COMERCIALIZACIÓN NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, INFORMA:

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo (nº 27.31553) de aprobación do proxecto "Da Túa Man", presentado á convocatoria de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canais de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expediente: 2021048098). Na citada sesión acórdase:

"(...) 1. Aprobar o proxecto denominado "DA TÚA MAN" cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo condicionado á recepción da notificación da resolución de concesión.

2. Aprobar a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando a financiación propia condicionada á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.

3. Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo "proxecto de gasto" tal y como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial para o exercicio 2022, garantindo a existencia dunha contabilidade separada."

En consecuencia, tendo en conta que en breve se resolva a convocatoria resulta necesario incorporar como crédito extraordinario e realizar as operacións polo importe da subvención que correspondan a Deputación de Pontevedra segundo o seguinte:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/240-4314-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22)	21.599,94 €
22/240-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22)	71.999,81 €
22/240-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22)	26.346,53 €
22/240-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22)	64.799,83 €
22/240-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _ PROMOCIÓN DE EMPREGO (PROX.:92210002 DA TÚA MAN 22)	199.044,49 €
	TOTAL	383.790,60 €

En base ao anterior, EMÍTESE o presente informe aos efectos oportunos

Documento firmado dixitalmente ao marxe

INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS, PLANS E URBANISMO).-



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar un suplemento de crédito na aplicación orzamentaria que se detalla na seguinte táboa co importe que se indica:

PARTIDA A INCREMENTAR	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/410.4191.227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS. Proxecto 2200001 -DEPOFOREST (FSE -PROGRAMA EMPLEA VERDE)	10.246,65 €

En consecuencia, propoño a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE,

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe

INTERVENCIÓN



EXPEDIENTE 2022016173

ASUNTO: SOLICITUDE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E XERACION CREDITO EXTRAORDINARIO DO PROXECTO COMMERCE INSIDE

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar as seguintes actuacións:

1. Proxecto “Commerce inside”

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo (n38.31564) de aprobación do proxecto “Commerce Inside”, presentado á convocatoria de axudas para o fortalecemento do comercio en zonas turísticas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expediente: 2021048064). Na citada sesión acórdase:

- “(...)Aprobar o proxecto denominado “Commerce Inside” cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo condicionado á recepción da notificación da resolución de concesión.
- Aprobar a distribución do gasto cos importes que correspondan a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, quedando a financiación propia condicionada á aprobación polo Pleno da correspondente modificación de crédito.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal y como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial para o exercicio 2022, garantindo a existencia dunha contabilidade separada.”

En consecuencia, tendo en conta que a resolución foi achegada con data resulta necesario incorporar como crédito extraordinario e realizar as operacións polo importe da subvención que correspondan a Deputación de Pontevedra segundo o seguinte

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/433-4314-226,99	GASTOS DIVERSOS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22)	64.799,83 €
22/433-4314-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22)	8.909,98 €
22/433-4314-626,01	EQUIPOS PROCESO DE INFORMACIÓN, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22)	48.599,87 €
22/433-4314-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22)	48.599,87 €
22/433-4314-652,99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_ UE, _TURISMO (PROX.: 92210001 - COMMERCE INSIDE_22)	224.136,45 €
	TOTAL	395.046,00 €



2. Participación e preparación de Fitur sport e fitur scren

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

En consecuencia, resulta necesario tramitar un suplemento de crédito co seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE
21/433.4320.226.15 Ferias e exposicións	30.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



Expediente	2022016173
Asunto	Expediente de modificación orzamentaria
Trámite	Proposta inicio expediente suplemento de crédito

Antecedentes:

1. O Servizo de Arquitectura ten, entre as súas responsabilidades, o control e seguimento do consumo eléctrico dos distintos edificios pertencentes á Deputación de Pontevedra.
2. Nos últimos meses produciuse un incremento sucesivo do prezo de MWh o cal tivo como consecuencia que as previsións de crédito necesario para o pagamento do consumo eléctrico dos distintos centros xestores resultara claramente insuficiente.
3. Debido a este incremento a empresa Aura Energía, S.L. no mes de outubro resolveu de forma unilateral o contrato de subministro eléctrico asinado coa Deputación de Pontevedra o 01.10.2019 e prorrogado por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 06.08.2021.
4. A consecuencia inmediata foi o que os distintos puntos de subministro pertencentes a Deputación de Pontevedra foron dados de alta automaticamente na Comercializadora de Último Recurso, que no noso caso por proximidade xeográfica é a Comercializadora Regulada Gas & Power S.A.
5. A facturación increméntase debido a esta circunstancia, automaticamente, nun 20% en concepto de recargo sobre os termos de potencia e enerxía. Este feito será sempre sobre os puntos de subministro superiores a 15 kW contratados, que no caso da Deputación de Pontevedra suman 19 dos 45 puntos de subministro actuais.
6. O Servizo de Arquitectura realizou un estudo dos datos existentes relativos aos consumos dos distintos puntos de subministro pertencentes á Deputación e, en base a eles, realizou unha estimación do coste económico que haberá de afrontar no presente exercicio orzamentario.
7. De acordo con ese estudo establecéronse as cantidades, que segundo as condicións de mercado actuais, deben suplementarse nas aplicacións orzamentarias correspondentes a cada centro xestor.



Fundamentos de dereito:

1. Real Decreto 1995/2000, de 1 de decembro, polo que se regula as actividades de transporte, distribución, comercialización e subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
2. O artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:

Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación.

3. O artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:

1. Los créditos extraordinarios y suplementos de crédito, se podrán financiar indistintamente con alguno o algunos de los siguientes recursos:

- a) Con cargo al Remanente Líquido de Tesorería, calculado de acuerdo con lo establecido en los artículos 101 a 104.*
- b) Con nuevos o mayores ingresos efectivamente recaudados sobre los totales previstos en algún concepto del Presupuesto corriente.*
- c) Mediante anulaciones o bajas de créditos de otras partidas del Presupuesto vigente no comprometidas, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio.*

4. As Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.

Á vista do anteriormente do exposto, solicítase a suplementación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, _C.P.FELIPE	144.232,00 €
324-3243-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA _ESCOLA DE CANTEIROS	51.000,00 €



333-3330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA _ MUSEO PROVINCIAL	693.150,00 €
410-4120-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, MOURISCADE _M. AMBIENTE	93.000,00 €
413-4123-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA _ E. F. AREEIRO	68.500,00 €
456-4530-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA _ INFRAESTRUTURAS	23.590,00 €
923-1623-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, REVITALIZA _ ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	2.300,00 €
932-9320-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA _ ORAL	58.185,00 €
942-4330-221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, VIVEIROS _ COOPERACIÓN	10.436,00 €
	TOTAL...	1.144.393,00 €

Pontevedra, na data da sinatura dixital.

